



D. Luis M. Fernández del Olmo, Secretario do Concello de Xove (Lugo).

CERTIFICO: *Que polo Pleno Municipal, en sesión celebrada o día 10 de febreiro de 2014, adoptouse entre outros o acordo que se transcribe literalmente:*

5º) APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO PARA OS EXERCICIOS 2014-2015.

Polo Sr. Alcalde dáse conta ó Pleno Corporativo do Plan Económico Financeiro do Concello de Xove para os exercicios de 2014 e 2015, motivado polo incumprimento da regra de gasto no orzamento municipal para 2014, e para dar cumprimento ó disposto no Art. 23.4 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, así como no Art. 21 do R.D. 1463/2007 de 2 de novembro que desenvolve a Lei 18/2001 de 12 de decembro.

Pola Interventora Municipal explícanse os aspectos máis salientables do plan referenciado.

Enterado, o concello pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda:

- 1º) Aprobar o Plan Económico Financeiro do Concello de Xove para os exercicios de 2014 e 2015.
- 2º) Remitir copia do citado plan á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia, como órgano de tutela financeira, no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia.

E para que así conste, expido e asino a presente coa salvedade do Art. 206 do Real Decreto 2568/1.986 de 28 de novembro co Vº e Pr. do Sr. Alcalde; en Xove, a once de febreiro de dous mil catorce.

Vº e Pr.

O ALCALDE,

Asdo.- José Demetrio Salgueiro Rapa

